



BOP

LUNES, 4 DE ABRIL DE 2011

Nº 076

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Regulamento do Organo de Xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá; de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o texto íntegro do mesmo no seguinte sentido:

“Regulamento do Organo de Xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Preámbulo

O concepto de Reserva da Biosfera foi elaborado en 1974 por un grupo de traballo do Programa sobre o Home e a Biosfera (Programa MaB) da UNESCO, o cal foi concibido para responder ao dilema de como conciliar a preservación da diversidade biolóxica e dos recursos biolóxicos co seu uso sostible.

Segundo a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, as Reservas da Biosfera, para a súa integración e mantemento como tales, deberán respectar as directrices e normas aplicables da UNESCO e contar, como mínimo e entre outros requisitos, cun órgano de xestión responsable do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas.

Por esta razón, é fundamental que a Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses), declarada o 27 de outubro de 2006, conte con órganos de xestión, responsables nun futuro do desenvolvemento dos instrumentos de planificación da Reserva.

A Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses foi a terceira Reserva da Biosfera declarada en Galicia, e a súa declaración foi promovida pola Deputación Provincial de Lugo.

Esta Reserva está considerada como un elemento da Reserva da Biosfera Gran Cantábrica, e discorre integramente pola provincia de Lugo, incluíndo os municipios de Navia de Suarna, Cervantes e unha parte do de Becerreá. A superficie total desta Reserva ascende a 53.664 ha, o cal supón aproximadamente un 6% da superficie da provincia de Lugo.

A Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses ten un gran interese desde un punto de vista bioxeográfico, dado que nela atópase o límite entre dúas rexións bioxeográficas (o extremo sudoccidental da Rexión Eurosiberiana e a Rexión Mediterránea), polo que conviven especies de orixe setentrional (tanto centroeuropeo como boreal) e especies de afinidades mediterráneas ou atlántico-mediterráneas. A este feito hai que engadir as características orográficas da zona, con máis de 1.600 m de desnivel entre os 300 m da conca do río Navia e os 1.935 m do pico Mostallar.

O Regulamento do órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses, fixa unha estrutura organizativa para levar a cabo a xestión da Reserva, desenvolvendo os criterios para a planificación e xestión do conxunto deste espazo que sexan respectuosos coas singularidades locais, que garantan a súa unidade ambiental, que melloren a calidade de vida e que contribúan á vez, ao logro dos obxectivos básicos recollidos nos documentos do Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera e a Estratexia de Sevilla, aprobados na Resolución 24C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO (novembro de 1995).

Capítulo I

Disposicións Xerais

Artigo 1. Natureza e denominación

1. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que se constitúe ao amparo do disposto no artigo 85.2.A).a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo

67.1.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e que se rexe polo presente Regulamento e sometido ao resto do ordenamento xurídico.

2. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses (en diante, órgano de xestión da Reserva) está integrado na Deputación Provincial de Lugo.

Artigo 2. Obxecto e ámbito do órgano de xestión

O órgano de xestión da Reserva ten por obxecto a realización de accións para a planificación e xestión da Reserva da Biosfera de Os Ancares Lucenses, cuxos límites son os que veñen definidos no anexo cartográfico do Documento de Aprobación da Reserva da Biosfera, e que comprende os termos municipais de Cervantes, Navia de Suarna e parte de Becerreá, todos eles na provincia de Lugo.

Artigo 3. Vixencia do órgano de xestión

O órgano de xestión da Reserva é de carácter indefinido.

Artigo 4. Sede do órgano de xestión

A sede definitiva do órgano de xestión da Reserva estará sita nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, na rúa San Marcos nº 8 en Lugo.

Dita sede poderá trasladarse por acordo do Órgano Reitor sen necesidade de reforma do presente Regulamento.

Artigo 5. Composición do órgano de xestión

O órgano de xestión da Reserva estará composto polos seguintes órganos:

- a) Un Órgano Reitor
- b) Un Órgano de Participación
- c) Un Director-Xerente

Artigo 6. Finalidade do órgano de xestión

Son fins xerais do órgano de xestión:

- a) Supervisión e tutela da planificación e xestión da Reserva, coordinando e colaborando na execución de actuacións de conservación e desenvolvemento sostible, incluíndo desde a sensibilización, educación e formación, ata o deseño, desenvolvemento, execución e xestión de proxectos e promoción da investigación sobre a conservación e xestión dos recursos naturais e o desenvolvemento compatible das sociedades humanas, así como a realización de actividades relacionadas cos principios e obxectivos da cooperación para o desenvolvemento.
- b) Contribuír á conservación das paisaxes, os ecosistemas, as especies e a diversidade xenética.
- c) Fomentar un desenvolvemento económico e humano sostible desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.
- d) Prestar apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o medio ambiente e a proxectos de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sostible.
- e) Colaborar coa Rede Española de Reservas da Biosfera e contribuír á transferencia de información entre os distintos escenarios nos que resulte de aplicación, en canto ao resultado de investigacións, métodos de xestión ou experiencias para a solución de problemas concretos.

Artigo 7. Atribucións

Para o cumprimento das súas finalidades e obxectivos, e de acordo coa normativa aplicable, o órgano de xestión pode:

- a) Realizar actos de administración e de administración de bens.
- b) Obter subvencións e axudas de persoas públicas e privadas.
- c) Regulamentar o seu propio funcionamento.
- d) Realizar, en xeral, todos os actos necesarios para cumprir os obxectivos establecidos no presente Regulamento.

Capítulo II

Do Órgano Reitor e do seu funcionamento

Artigo 8. Competencias do Órgano Reitor

1. O Órgano Reitor é o órgano de goberno e xestión da Reserva, desde o cal asúmense as funcións de deliberación, decisión e execución.

2. Son competencias do Órgano Reitor:

- a) Supervisar e tutelar a dirección, administración e conservación da Reserva.
- b) Promover a elaboración dos instrumentos de planificación e seguimento específicos, así como das súas revisións periódicas, propondo a súa aprobación, previo informe non vinculante do Órgano de Participación.
- c) Exercer a representación da Reserva no marco do Programa MaB e nas distintas redes de

Reservas da Biosfera.

- d) Propor aos órganos competentes a celebración dos convenios de colaboración que se estimen necesarios.
- e) Aprobar a memoria anual de actividades e cantos outros informes sexa preceptivo emitir.
- f) Aceptar calquera tipo de achega ou doazón de persoas físicas ou xurídicas destinadas a mellorar a Reserva.
- g) Definir a composición do Órgano de Participación.
- h) Propor o nomeamento ou cesamento do Director-Xerente.
- i) Todas aquelas actuacións que se consideren necesarias para o mellor cumprimento dos obxectivos do órgano de xestión da Reserva.
- j) Actuará como Comisión de Seguimento do presente Regulamento, tendo como función o seguimento e control do cumprimento dos acordos, resolvendo as dúbidas que poida suscitar a súa interpretación ou aplicación.
- k) Propor as modificacións do presente Regulamento, para o que será necesario o voto favorable da maioría dos votos dos seus membros.
- l) Coordinar a participación da Reserva nas Redes de Reservas da Biosfera e no Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

Artigo 9. Composición do Órgano Reitor

1. O Órgano Reitor está composto por:

- a) Presidente
- b) Vicepresidente
- c) Secretario
- d) Vocais

2. O número de membros do Órgano Reitor non poderá exceder de nove (9), dos cales máis da metade dos compoñentes haberán de ser deputados provinciais electos, podendo ser o resto nomeados entre persoas de adecuados coñecementos técnicos e de recoñecido prestixio.

3. Os membros do Órgano Reitor exercerán o seu cargo o tempo máximo dun mandato da Corporación Provincial, podendo ser designados e nomeados unha ou máis veces por períodos de igual duración. Todo iso sen prexuízo de que os vogais poidan ser removidos con anterioridade por acordo da institución ou órgano que os teña designado.

Artigo 10. Presidente do Órgano Reitor

1. Ocupará a Presidencia do Órgano Reitor o Presidente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue.

2. O Presidente do Órgano Reitor exercerá as seguintes funcións:

- a) Ostentar a representación do órgano de xestión da Reserva, salvo naquelas funcións de carácter técnico encomendadas ao Director-Xerente, exercendo a súa dirección, así como executar os acordos adoptados nas sesións da mesma.
- b) Visar as actas e certificacións dos acordos dos órganos.
- c) Acordar a convocatoria das sesións, fixando a orde do día das mesmas.
- d) Presidir as sesións e moderar os debates que se produzan no desenvolvemento destas, velando polo cumprimento das funcións que lle competen ao órgano. Para os efectos da adopción de acordos, o voto do Presidente ou de quen legalmente o substitúa será cualificado e dirimirá para o suposto de empate.
- e) Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal o Presidente será substituído polo Vicepresidente.
- f) Solicitar en nome do Órgano Reitor a colaboración que estime pertinente a institucións, autoridades, organismos, asociacións e particulares.
- g) Asumir ou delegar nalgún outro membro do Órgano Reitor as responsabilidades e atribucións do Director/a Xerente no caso de este cargo quedar vacante.
- h) No caso de non crear a figura do Director-Xerente, designar á persoa que asumirá as responsabilidades previstas por este Regulamento para este cargo, ou asumir, se así o decide, as súas funcións.
- i) Cumprir e facer cumprir o presente Regulamento e os acordos que se tomen por parte do Órgano Reitor.
- j) Exercer todas aquelas funcións que sexan inherentes á súa condición de Presidente.

3. O Presidente poderá nomear suplentes dos vogais para os casos en que estea xustificada a ausencia dos membros titulares. Os membros suplentes substituirán aos titulares nos supostos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa lexítima que poida ser debidamente xustificada.

Artigo 11. Vicepresidente do Órgano Reitor

1. Será Vicepresidente o deputado delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo ou deputado/a en quen delegue.

2. Correspóndenlle ao Vicepresidente as seguintes funcións:

- a) Substituír ao Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, exercendo as funcións que lle foron atribuídas.

- b) Todas aquelas funcións que lle delegue o Presidente.

Artigo 12. Secretaría do Órgano Reitor

1. Será Secretario o Secretario Xeral da Deputación de Lugo ou funcionario xurídico da Deputación en quen delegue.

2. Correspóndenlle á Secretaría as seguintes atribucións:

a) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do seu Presidente/a, así como proceder á citación dos membros do Órgano Reitor.

b) Recibir calquera comunicación ou certificación dos membros do Órgano Reitor das que deba ter coñecemento.

c) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e dar curso aos acordos que se adopten.

d) Expedir certificacións das actas, consultas, informes, ditames, votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia.

e) Aquelas outras funcións que lle sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

Artigo 13. Vogalías do Órgano Reitor

Son vogais do Órgano Reitor da Reserva:

1. Un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación Provincial de Lugo.

2. Un representante da Administración Xeral do Estado: Ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño ou persoa en quen delegue.

3. Un representante da Xunta de Galicia: Conselleiro de Medio Rural ou persoa en quen delegue.

4. Dous técnicos de recoñecido prestixio e de adecuados coñecementos técnicos, do ámbito universitario e científico, que serán nomeados polo Presidente do Órgano Reitor a proposta dos demais membros do Órgano Reitor previa consulta ao Órgano de Participación.

Poderán incorporarse ao Órgano Reitor como asesores os funcionarios da Deputación Provincial de Lugo ou de Concellos relacionados coa Reserva e a requirimento do Presidente do Órgano Reitor.

Artigo 14. Periodicidade das sesións

O Órgano Reitor reunirse semestralmente como mínimo, previa convocatoria da Presidencia, ou do Secretario por orde do Presidente, cunha antelación non inferior a 10 días.

Artigo 15. Dereitos e obrigas dos membros

1. Correspóndenlles os seguintes dereitos:

a) Recibir, cunha antelación mínima de 48 horas, a convocatoria na que figurará a orde do día previsto para as reunións.

b) Participar nos debates que se susciten nas reunións.

c) Participar con voz e voto nas sesións do Órgano Reitor.

d) Exercer o seu voto e formular, se se dan as circunstancias, o seu voto particular.

e) Propor o nomeamento de especialistas de recoñecido prestixio para aqueles supostos en que así se estipule.

f) Acceder a toda a documentación que obre en poder da Secretaría do Órgano Reitor.

g) Todas aquelas funcións que sexan inherentes ao desempeño do seu cargo.

2. Os membros do Órgano Reitor teñen as seguintes obrigas:

a) Asistir ás sesións do Pleno ás que fosen convocados e, participar nesas actividades. No caso de que non poidan asistir deberán comunicarllo ao seu suplente coa debida antelación.

b) Adecuar a súa conduta ao presente Regulamento e ás directrices e instrucións que, no seu propio desenvolvemento, dite o Órgano Reitor.

c) Gardar reserva en relación coas actuacións do Órgano Reitor que, por decisión dos seus órganos, declárense reservadas.

d) Non facer uso da condición de membro do Órgano Reitor para o exercicio de actividades non relacionadas estritamente con este órgano.

Artigo 16. Ausencias e substitucións

En caso de ausencia ou enfermidade ou cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares poderán ser substituídos polos seus suplentes, que ostentarán os mesmos dereitos e obrigas.

Artigo 17. Réxime de funcionamento

1. O Órgano Reitor estará constituído por todos os seus membros.
2. O Órgano Reitor quedará válidamente constituído no momento en que se designe aos seus representantes.
3. Ás sesións do mesmo poderán asistir expertos/as ou persoas invitadas. A súa asistencia, cando se produza, será con voz pero sen voto.
4. O Órgano Reitor elaborará anualmente unha memoria acerca das súas actividades. Esta memoria será obxecto de publicación e difusión se así o decide a maioría dos seus membros.
5. A regra xeral de adopción dos Acordos do Órgano Reitor será a maioría.

Artigo 18. Quórum de constitución

1. Para a válida constitución do Órgano Reitor requírase a presenza dun terzo máis un dos seus membros.
2. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario do Órgano Reitor, ou de quen legalmente os substitúan.

Artigo 19. Das sesións

1. O Órgano Reitor reunirse con carácter ordinario como mínimo dúas veces ao ano, para o que será debidamente convocado polo seu Presidente, ou polo Secretario por orde do Presidente.
2. Tamén poderá ser convocado con carácter extraordinario, sempre que se estime oportuno, por iniciativa do seu Presidente ou a proposta da maioría dos seus membros. Neste último caso os solicitantes deberán dirixir un escrito ao Presidente no que figuren os puntos a incluír na orde do día da mesma. Recibida a solicitude, o Presidente deberá proceder a formular a convocatoria nun prazo non superior a 15 días.
3. O Presidente ordenará o desenvolvemento da sesión conforme ao previsto na orde do día, moderará os debates concedendo e retirando o uso da palabra, así como decidindo cando un asunto está suficientemente debatido, ao seu xuízo, para que o Órgano Reitor poida pronunciarse sobre o mesmo.

Artigo 20. Deliberacións

1. As reunións do Órgano Reitor serán convocadas polo seu Presidente. A inclusión de asuntos na orde do día corresponderá ao Presidente, a iniciativa propia ou a solicitude dunha parte significativa dos seus membros.
2. O Presidente abrirá a sesión, dirixirá os debates e velará pola observancia do previsto no presente Regulamento. Nestes labores estará auxiliado polo Vicepresidente.
3. O Presidente, por iniciativa propia, poderá limitar o tempo no uso da palabra do que dispoñan os oradores, antes de iniciar un debate ou durante o mesmo. Tamén lle compete acordar o peche do debate.
4. O Pleno do Órgano Reitor, a proposta do Presidente, poderá convir a suspensión da sesión, fixando o momento en que se renovará a mesma.
5. O Presidente, previo acordo do Pleno do Órgano Reitor, poderá pospor calquera punto da orde do día para a próxima reunión do Órgano Reitor.
6. En caso de dúbida ao aplicar o presente Regulamento, corresponde ao Presidente a competencia para a súa interpretación.
7. Corresponderá ao Secretario a custodia da documentación e das actas da sesión.

Artigo 21. Acta das sesións

1. De cada sesión levantará acta o Secretario, na que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. Calquera membro do Órgano Reitor ten dereito a solicitar a incorporación íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou ao final da sesión, o texto que se corresponda con fidelidade á súa intervención, facéndose así constar no acta ou uníndose á mesma.
2. O Secretario redactará o acta no prazo de 10 días. Unha vez redactada será remitida aos membros do Órgano Reitor, preferentemente por correo electrónico, os cales disporán dun prazo de 8 días para realizar as observacións que estimen oportunas. Se non se fixese ningunha observación o acta entenderase automaticamente aprobada ao finalizar o prazo de alegacións. O acta definitiva será asinada polo Secretario co visto e prace do Presidente.

3. Os acordos do Órgano Reitor adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes. No caso de que se produza empate dirimirá o voto cualificado do Presidente.

Artigo 22. Protección de datos

De acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos, o Órgano Reitor comprométese ao cumprimento da súa obriga de protexer os datos de carácter persoal e a tratar os mesmos coa confidencialidade que require esa lexislación. A tales efectos adoptará as medidas necesarias para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

Capítulo III

Do Director/a-Xerente

Artigo 23. Director/a-Xerente

1. O Director/a-Xerente é un órgano facultativo que será nomeado ou cesado polo Presidente do Órgano Reitor a proposta de devandito órgano e previo debate no Órgano de Participación. No caso de vacante as súas responsabilidades e atribucións recaerán na Presidencia do Órgano Reitor, que poderá delegalas en calquera membro deste órgano.

2. O Director/a-Xerente, é o responsable da dirección administrativa e técnica da Reserva.

3. Corresponden ao Director/a-Xerente as seguintes atribucións e funcións:

a) A dirección administrativa e técnica da Reserva.

b) Supervisar e coordinar a redacción dos instrumentos e informes específicos de xestión da Reserva, así como os derivados do Plan de Acción da Reserva.

c) Elaborar proxectos ou plans de actuación e programas seguindo as directrices do Órgano Reitor, para o seu debate e aprobación por este órgano.

d) Informar sobre o funcionamento, custo e rendemento dos servizos ao seu cargo, propondo as medidas oportunas para a súa mellora.

e) Levantar acta das deliberacións e acordos adoptados no Órgano de Participación.

f) O cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

g) Elaborará e presentará ao Órgano Reitor un informe anual das actividades e do estado económico das mesmas.

h) Ostentar a representación da Reserva da Biosfera nas reunións técnicas do Consello de Xestores de Reservas da Biosfera no marco do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

i) Informar ao Órgano Reitor, e no seu caso ao Órgano de Participación, sobre as decisións, programas, actividades do Consello de Reservas da Biosfera do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

j) Elaborar os informes e documentos que solicite o Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

k) Aquelas outras funcións de carácter administrativo, técnico, ou de representación encomendadas polo Órgano Reitor.

4. O cargo de Director/a-Xerente poderá ser gratuíto ou retribuído, segundo decida o Presidente do Órgano Reitor.

5. O Director/a Xerente participará nas reunións do Órgano reitor con voz e sen voto.

Capítulo IV

Do Órgano de Participación

Artigo 24. Órgano de Participación

1. O Órgano de Participación da Reserva estará conformado por representantes tanto das administracións públicas, como de asociacións, organizacións, institucións e colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, ou que sexan representativos de intereses sociais, económicos ou ambientais cuxos fins sexan acordes cos principios inspiradores do Programa MaB da UNESCO.

2. O Órgano de Participación da Reserva ten como obxectivo o de servir de apoio, asesoramento e consulta ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción da Reserva, así como participar activamente na xeración de novas iniciativas.

3. O Órgano de Participación poderá ser tanto de carácter coordinador como consultivo, na forma en que se determine por parte do Órgano Reitor. En todo caso, o Órgano de Participación non terá facultades decisorias.

Artigo 25. Composición e funcionamento do Órgano de Participación

1. A composición e o funcionamento do Órgano de Participación regularase nos acordos plenarios polos que se constitúan En todo caso terase en conta:

a) O Presidente do Órgano de Participación será o da Deputación, ou deputado/a en quen delegue.

b) Entre os vogais haberá un representante de cada un dos grupos constituídos no seo da Corporación da Deputación, debendo así mesmo formar parte deste un representante de cada un dos 3 Concellos que teñan todo o parte do seu termo municipal na Reserva da Biosfera: Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá.

2. No Órgano de Participación poderán participar os representantes sociais de sectores interesados no desenvolvemento da Reserva a través de entidades con implantación na zona. Neste caso poderán participar:

- Representantes das organizacións agrarias.

- Representantes das comunidades de montes veciñais en man común.

- Representantes das organizacións ecoloxistas.

- Representantes das organizacións de turismo rural e/ou casas rurais.

- Representantes das asociacións de defensa do Patrimonio.

- E aqueles outros que, polo seu interese, coñecementos, experiencia ou sensibilidade, acorde incluír o Órgano Reitor da Reserva.

3. Na proposta e designación dos membros que non teñan a condición de cargos natos procurase a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

4. O Órgano de Participación reunirse cantas veces sexa necesario para o exercicio das funcións que teñen encomendadas, cunha periodicidade mínima anual. O lugar de reunión decidirao o Presidente do Órgano de Participación e poderá ser de forma rotatoria en cada un dos municipios que integran a Reserva.

Artigo 26. Finalidade do Órgano de Participación

1. A finalidade do Órgano de Participación é a de garantir a participación e colaboración na xestión da Reserva das diferentes administracións públicas con competencias específicas neste ámbito territorial e dos representantes de colectivos que desenvolvan actividades nos aspectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos da Reserva, e cuxos fins sexan acordos cos principios inspiradores da Estratexia de Sevilla.

2. O Órgano de Participación servirá de apoio ao Órgano Reitor, mediante o estudo e debate dos instrumentos e actuacións relativas á Reserva, e en particular das que se aborden no marco do seu Plan de Acción.

3. Son fins xerais do Órgano de Participación:

a) Promover iniciativas e programas de desenvolvemento e de conservación, e participar naqueles promovidos polas distintas Administracións Públicas.

b) Contribuír á cohesión e ao dinamismo social da Reserva e posibilitar a participación e coordinación das administracións implicadas para definir solucións globais ás necesidades da Reserva.

c) Promover a captación, coordinación e xestión de axudas e fondos comunitarios e doutras entidades, e Administracións que os outorguen, que revertan na mellora da calidade de vida dos habitantes da Reserva, da contorna ambiental da mesma, e no apoio á investigación no seu ámbito.

d) Promover actividades que revertan na diversificación socioeconómica da Reserva.

e) Contribuír á conservación e fomento do patrimonio natural e cultural da Reserva e á difusión dos seus valores.

f) Promover investimentos e servizos propios da Reserva.

g) Promover acordos de colaboración con outras entidades que coincidan substancialmente cos obxectivos da Reserva.

h) Posibilitar entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de intervención no ámbito do desenvolvemento sostible.

i) Participar nos plans, programas ou proxectos promovidos a nivel local ou sectorial que poidan incidir nos seus labores.

j) Promover criterios e medidas para coordinar armónicamente os intereses e as actividades dos sectores representados cos obxectivos e as actuacións na Reserva.

k) Expor ao Órgano Reitor de Reserva iniciativas, propostas e suxestións para o mellor logro das finalidades de coordinación, armonización e participación e, en xeral, dos obxectivos específicos da Reserva.

- l) Emitir informe sobre os asuntos que o Órgano Reitor da Reserva sométalle.
3. Os informes que emita o Órgano de Participación non terán carácter decisorio.

Capítulo V

Dos Instrumentos de Planificación

Artigo 27. Plan de Acción

1. O Plan de Acción da Reserva constitúe un plan para o desenvolvemento sostible da Reserva, sendo o instrumento básico para a xestión e planificación deste espazo, cuxa finalidade é o establecemento das liñas xerais e estratexias prioritarias de actuación para o cumprimento dos obxectivos da Reserva.

2. O Plan de Acción, así como aqueles outros documentos que os desenvolvan especificamente para a xestión da mesma, serán elaborados polo Director-Xerente, ou persoa que asuma as súas funcións segundo o previsto no artigo 23.1 do presente Regulamento.

3. A aprobación do Plan de Acción, das súas modificacións, así como de calquera outro instrumento de xestión específico para a Reserva, será aprobado polo Órgano Reitor. Previamente á súa aprobación solicitarase informe non vinculante ao Órgano de Participación.

Capítulo VI

Réxime xurídico e económico

Artigo 28. Réxime xurídico

1. A actuación do órgano de xestión da Reserva atenderase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, así como ás demais normas de réxime local que sexan aplicables, polo presente Regulamento, e por acordos da Deputación que lle sexan de aplicación.

2. O órgano de xestión da Reserva poderá dispor do persoal necesario para a prestación dos seus fins, cuxo número, categoría e funcións determinarase na relación de postos de traballo da Deputación.

3. Os litixios que se expoñan sobre a actuación do órgano de xestión da Reserva serán competencia dos Xulgados e Tribunais españois, de acordo coa lexislación aplicable á orde xurisdiccional correspondente. Cando a actuación do órgano de xestión da Reserva estea suxeita ao dereito administrativo, serán competencia dos Xulgados e Tribunais da orde contencioso-administrativa.

Artigo 29. Recursos

Para a realización das súas finalidades, o órgano de xestión da Reserva disporá dos recursos seguintes:

- a) Achegas da Deputación Provincial de Lugo.
- b) Achegas e subvencións de toda índole procedentes doutras entidades oficiais e de persoas particulares.
- c) Os ingresos procedentes do seu patrimonio, incluídos os procedentes da súa actividade.
- d) Donativos e outros fondos obtidos por calquera outro título admitido en dereito.

Artigo 30. Orzamento

1. O órgano de xestión non conta con orzamento propio, senón coa asignación de aplicacións orzamentarias dentro do orzamento xeral da Deputación, polo que a súa regulación será a propia do orzamento da Deputación.

Artigo 31. Patrimonio e adscrición de bens

1. O Patrimonio do órgano de xestión da Reserva estará integrado polos bens que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, os cales conservarán, en todo caso, a súa cualificación xurídica, sen que o órgano de xestión adquira a propiedade dos mesmos. As doazóns, legados e mandas que lle poidan outorgar entidades de carácter público ou privado e persoas físicas a través da Deputación.

2. Os bens e dereitos adscritos conservan a cualificación e titularidade orixinaria que lles corresponda, incumbindo ao órgano de xestión da Reserva soamente facultades de conservación e utilización para o cumprimento dos fins que se determinen na adscrición.

Capítulo VII

Modificación e disolución do órgano de xestión da Reserva

Artigo 32. Modificación do órgano de xestión da Reserva

1. A modificación do Regulamento haberá de axustarse aos mesmos trámites seguidos para a súa aprobación.

Artigo 33. Disolución do órgano de xestión da Reserva

1. O órgano de xestión poderá disolverse por acordo do Pleno da Deputación e nos demais casos previstos pola Lei.

2. Ao disolverse o órgano de xestión, a Deputación poderá asignar os bens a outro órgano. O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e nove de marzo de dous mil once.- **O PRESIDENTE**, José Ramón Gómez Besteiro. **O SECRETARIO**, Faustino Martínez Fernández.

R.1628

Anuncio

Aprobado definitivamente o Regulamento do Organo de Xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño; de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o texto íntegro do mesmo no seguinte sentido:

“Regulamento do Organo de Xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño**Preámbulo**

O concepto de Reserva da Biosfera foi elaborado en 1974 por un grupo de traballo do Programa sobre o Home e a Biosfera (Programa MaB) da UNESCO, o cal foi concibido para responder ao dilema de como conciliar a preservación da diversidade biolóxica e dos recursos biolóxicos co seu uso sostible.

Segundo a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, as Reservas da Biosfera, para a súa integración e mantemento como tales, deberán respectar as directrices e normas aplicables da UNESCO e contar, como mínimo e entre outros requisitos, cun órgano de xestión responsable do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas.

Por esta razón, é fundamental que a Reserva da Biosfera de Terras do Miño, declarada o 16 de decembro de 2002, conte con órganos de xestión, responsables nun futuro do desenvolvemento dos instrumentos de planificación da Reserva.

A Reserva da Biosfera de Terras do Miño foi a primeira Reserva da Biosfera declarada en Galicia, e a súa declaración foi promovida pola Deputación Provincial de Lugo.

A Reserva discorre integramente pola provincia de Lugo e inclúe 26 municipios integrados na Conca Alta do río Miño: Ourense, O Valadouro, Muras, Alfoz, Mondoñedo, Abadín, Xermade, Vilalba, A Pastoriza, Riotorto, Guitiriz, Cospeito, Meira, Begonte, Rábade, Castro de Rei, Outeiro de Rei, Pol, Lugo, Friol, Castroverde, Guntín, O Corgo, Baralla, O Páramo e Lãncara. Esta Reserva da Biosfera ocupa o 39% da provincia de Lugo, cunha superficie total de 363.668 ha, constituíndo unha das Reservas da Biosfera máis poboadas de España.

Unha gran parte da Reserva está incluída dentro da Rede Natura 2000, incluíndo dous LICs (Lugar de Interese Comunitario): o LIC “Parga-Ladra-Támoga”, constituído fundamentalmente polos denominados “paisaxes da auga”, e o LIC “O Xistral”, con predominio de formacións de turbeiras de cobertor. O primeiro deles foi beneficiado polo programa LIFE-Natureza a través do proxecto: “LIC Parga-Ladra-Támoga: Mellora de Bosque Inundable e Lago Distrófico”, para o período 2001-2006.

O Regulamento do órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño, fixa unha estrutura organizativa para levar a cabo a xestión da Reserva, desenvolvendo os criterios para a planificación e xestión do conxunto deste espazo que sexan respectuosos coas singularidades locais, que garantan a súa unidade ambiental, que melloren a calidade de vida e que contribúan á vez, ao logro dos obxectivos básicos recollidos nos documentos do Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera e a Estratexia de Sevilla, aprobados na Resolución 24C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO (novembro de 1995).

Capítulo I**Disposicións Xerais****Artigo 1. Natureza e denominación**

1. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño é un órgano especial da administración sen personalidade xurídica propia, para a xestión da Reserva, que se constitúe ao amparo do disposto no artigo 85.2.A).a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 67.1.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e que se rexe polo presente Regulamento e sometido ao resto do ordenamento xurídico.

2. O órgano de xestión da Reserva da Biosfera de Terras do Miño (en diante, órgano de xestión da Reserva) está integrado na Deputación Provincial de Lugo.

Artigo 2. Obxecto e ámbito do órgano de xestión